

PIER PAOLO PASOLINI

Unha vida violenta

Traducido por Gonzalo Vázquez



Hugin e Munin

1. QUEN ERA TOMMASO

Tommaso, Lello, Zucabbo e os demais rapaces que vivían no pequeno barrio de barracas en Via dei Monti di Pietralata chegaron á escola, coma sempre despois da comida, polo menos media hora antes.

Pero xa había por aí outros rapaces do barrio xogando a cravar as navallas no chan. Tommaso, Lello e os demais puxéronse a miralos, anicados arredor, arrastrando as carteiras sobre a terra; viñeron logo dous ou tres cunha pelota e os outros rapaces amorearon as súas respectivas carteiras sobre un montículo, e correron cara a detrás da escola, á chaira que era a praza central do barrio.

Lello e outro rapaz que vivía no segundo bloque, aí ao lado, botaron as sortes cos dedos para repartiren os bandos. Tommasino, en cambio, non tiña ganas de xogar e sentou con outros dous ou tres no chan para mirar o partido.

—Que, chegou o mestre, Carié? —preguntoulle despois dun anaco a un neno esmirrado que estaba xunto a el.

—Eu que sei! —contestou o outro encollendo os ombreiros.

—A quen lle toca hoxe o da limpeza? —preguntou Tommasino, que estivera ausente un par de días porque tivera febre.

—Coido que a Lello —dixo Carletto.

—Eh, dásmeme unha chupada? —dixo despois, volvéndose de golpe, cabreado, cara a outro que estaba a fumar, anicado sobre un bloque de tufo.

Tommasino incorporouse e dirixiuse cara á portaría do outro lado, onde Lello, dobrada a cintura, coas pernas escarranchadas e os brazos estarricados, pero listo para lanzarse, observaba atentamente o xogo, con cara aceda.

—Ola, Lello! —dixo Tommaso.

—Larga, que queres? —dixo Lello sen sequera miralo.

—Que, hoxe tócache a ti limpar a escola?

—Pois si —contestou secamente Lello sen darlle á charla a menor importancia.

Tommasino sentou xunto á morea de seixos que marcaba a portaría. Despois dun anaco, Lello virouse para miralo.

—Non veñas tocar o carallo. A ver, que é o que queres? —dixo, volvendo enseguida a virarlle as costas e mirando fixamente cara ao centro do campo, onde os demais corrían cagando en todo entre gritos. Tommasino non dixo nin unha palabra máis e, tranquilamente, coas pernas cruzadas sobre a lama seca, sacou do fondo dun peto un anaco de cigarro e acendeuno.

Pouco despois Lello botoulle unha ollada rápida e reparou en que estaba a fumar. Quedou calado, sempre mirando o campo de xogo, e despois dixo cunha voz máis baixa e rouca:

—Dáme unha chupada, Tomà.

Tommaso aspirou unhas chupadas máis, as présas, púxose logo de pé e foi darlle o cigarro a Lello, que o colleu sen perder de vista o xogo e empezou a fumar entornando os ollos, sempre listo para lanzarse.

Tommaso quedara de pé detrás del, coas mans nos pechos do pantalón sostido por un cordel, tan ancho que parecía unha saia.

